

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE MEDICINA DE PRECISIÓN ASOCIADA Á CIENCIA E TECNOLOXÍA IMPACT 2026

No B.O.E. de data 1 de agosto do 2026 publicouse o Extracto da Resolución de 30 de xullo da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III, O.A., M.P., pola que se aproba a convocatoria para o ano 2026 de concesión de subvencións para o mantemento da Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e Tecnoloxía (IMPACT) da Acción Estratéxica en Saúde (Liñas Estratéxicas de Investigación en Saúde 2024-2027). O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS : 922602

O obxecto desta resolución é a aprobación da convocatoria de concesión de subvencións dirixida ao mantemento e a implementación dos tres programas desenvolvidos e vinculados á Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e Tecnoloxía (en diante, IMPACT). Estes programas están deseñados para potenciar a xeración e transferencia de coñecemento da máis alta calidade no Sistema Nacional de Saúde, asegurando a excelencia científicotécnica, a equidade e a eficiencia na utilización dos recursos dispoñibles.

Con esta actuación preténdese:

a) Manter e implementar a infraestrutura IMPACT configurada a partir de tres eixos:

Cohorte, Data e Xenómica. IMPACT ten como misión establecer e trasladar o coñecemento necesario que sustente e facilite o despregamento efectivo da Medicina Personalizada de Precisión, que supón un cambio de paradigma e un reto na implementación dunha abordaxe preventiva, diagnóstico e terapéutico personalizado, máis eficaz e seguro para cada paciente

b) Xerar unha capacidade de análise inmediata de datos obtidos que permita unha resposta coordinada e inmediata para facilitar unha análise de vida real especialmente útil ante calquera urxencia científica que afecte á Saúde Pública.

c) Orientar a investigación cara aos problemas de saúde a través da implementación real da Medicina de Precisión no SNS.

d) Potenciar a participación e liderado de España en proxectos, programas, plataformas e infraestruturas internacionais de I+D+i orientadas á Medicina de Precisión e a Ciencia de Datos.

e) Fomentar a innovación orientada á implementación da Medicina de Precisión como instrumento que contribúe á sustentabilidade e eficiencia do SNS.

As propostas que se presenten a esta convocatoria deberán encadrarse nun dos seguintes programas, tal e como se indica no plan estratéxico de IMPACT:

a) **Medicina Preditiva:** aborda o deseño e establecemento dunha cohorte de base poboacional representativa da poboación residente en España, a súa variabilidade étnica, diversidade xeográfica e ambiental, coa participación de todas as CC.AA. e seguimento prospectivo

b) **Ciencia de Datos:** oríéntase ao desenvolvemento e validación dunha contorna de integración e análise conxunta de datos clínicos, moleculares e xenéticos, facilitando o acceso e análise da información xenómica.

c) **Medicina Xenómica:** promove o establecemento dunha infraestrutura cooperativa distribuída en varios nodos para a realización de estudos xenéticos de alta complexidade baseado en tecnoloxías do ámbito da investigación.

A contía total máxima de esta convocatoria é de 50.000.000,00 de euros.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **8 de setembro ata o 29 de setembro de 2026 ás 15 horas**(hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á resolución ,ao extracto da resolución e as fichas resumo da convocatoria.

LIGAZONS ASOCIADAS

Resolución da
Convocatoria
IMPACT 2026

Extracto da
Resolución da
convocatoria
IMPACT 2026

Fichas Resumo da
convocatoria
IMPACT 2026

